



## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 12 DE FEBREIRO DE 2020**

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00005756K.**

#### **Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia.

### **2. INSPECCIÓN E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: DIS/170/2020.**

#### **Acordo de execución de obras de emerxencia por perigo para persoas e bens Noiro Rua do Pombal**

Acórdase tomar coñecemento dos informe técnicos emitidos con relación ao colapso e situación do noiro de remate da finca sita na Rúa do Campo do Cruceiro do Gaio, 22; dada a situación actual de perigo no muro do Pombal e da urxente necesidade de acometer obras para solventala.

Acórdase a execución forzosa das medidas de seguridade para as persoas e bens requeridas.

Ordénase que, polos servizos municipais competentes (Tráfico, Seguridade Cidadá, Obras e Proxectos e Urbanismo) se adopten con carácter de emerxencia, as medidas que procedan no senso dos informes técnicos emitidos para evitar a situación de perigo para as persoas e bens existente incluído as contratacións externas que procedan nos termos do disposto no artigo 120 da Lei de contratos do sector público.